

## **Informe Cuadrimestral nº 50 (xaneiro-abril de 2021)**

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de xaneiro a abril de 2021 relacionados coa ETSE. Durante este período celebráronse tres Xuntas de Escola ordinarias os días 21 de xaneiro, 11 de febreiro e 9 de abril, e unha extraordinaria o 26 de marzo.

### ***Persoal***

21 de febreiro. Nomeamento como novo membro da Comisión de TFG do Grao en Enxeñaría Informática de Alejandro Tobar Quintanar en substitución de Xosé Pardo López.

2 de marzo. O Ministerio italiano de Universidades e Investigación outorga ao profesor emérito Juan M. Lema Rodicio, membro do Centro Singular CRETUS, a *Laurea ad Honorem* do Politécnico de Milán, o máximo recoñecemento que concede esta universidade.

2 de marzo. Hipólito Rodríguez Costas substitúe a M<sup>a</sup> Concepción Martínez López como Axudante de Biblioteca da ETSE.

15 de marzo. Nomeamento como coordinador de prácticas do Máster de Visión por Computador de Víctor Brea Sánchez.

15 de marzo. Cambio de adscrición da praza de Profesor Contratado Doutor de Héctor Rodríguez Martínez do campus de Lugo ao campus de Santiago a partir do 1 de setembro de 2021.

30 de abril. Sara González García asina contrato como profesora interina de substitución adscrito á área de coñecemento de enxeñaría química.

### ***Asuntos académicos***

12 de xaneiro. Publicación da convocatoria de cambio de grupo de prácticas para o segundo cuatrimestre, para as titulacións de grao.

10 de febreiro. Publicación da asignación definitiva de prazas Erasmus para o curso 2021-22.

12 de febreiro. Defensa dos TFM do Máster en Enxeñaría Ambiental.

17 de febreiro: Defensa dos TFM do Máster de Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

18 e 19 de febreiro. Defensa dos TFG do Grao en Enxeñaría Informática.

19 de febreiro. Publicación da asignación definitiva de prazas da convocatoria de prácticas en empresa de Grao en Enxeñaría Química, 2º cuatrimestre.

19 de febreiro. Defensa dos TFM do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

22 de febreiro. Defensa dos TFG do Grao en Enxeñaría Química.

25 de febreiro. Aprobación polo Consello de Goberno da concesión de Premios Extraordinarios de Grao e Máster da ETSE:

- Grao en Enxeñaría Química: ÁNGELES ANTONIETA RODRÍGUEZ OREIRO e ISMAEL FERNÁNDEZ PAZÓ.
- Grao en Enxeñaría Informática: RAQUEL RODRÍGUEZ VILAS E DANIEL DEL RÍO JUNCAL.
- Premio Extraordinario de Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental: ANDER CASTRO FERNÁNDEZ.
- Premio Extraordinario de Máster Universitario en Enxeñaría Química e Bioprocesos: CRISTINA CAMBESES FRANCO.
- Premio Extraordinario de Máster Universitario en Tecnoloxías de Análise de datos Masivos: Big Data: JAIME MALLO ANTELO.
- Premio Extraordinario de Máster Universitario de Computación de Altas Prestacións: SILVIA RODRÍGUEZ ALCARAZ. (modificada logo da alegación recibida, sendo proposto FELIPE MUÑOZ LÓPEZ).

26 de febreiro. Publicación da asignación definitiva de prazas da convocatoria de prácticas en empresa de Grao en Enxeñaría Informática, 2º cuatrimestre e verán.

15 de marzo. Publicación da convocatoria de prácticas externas do Máster Universitario en Visión por Computador/Computer Vision.

25 de marzo. Presentación e defensa semipresencial da Tese de Doutoramento de Dona Andrea Arias Cisterna, titulada: *Unravelling environmental and economic criteria for resource recovery in centralised and decentralised wastewater treatment*, dirixida por Dona M<sup>a</sup> Teresa Moreira Vilar e D. Gumersindo Feijoo Costa.

26 de marzo. Publicación da asignación definitiva de prazas Sicue para o curso 2021-22.

### **Actividades**

28 de xaneiro. Xornada de presentación e formación tecnolóxica dos equipos das aulas multimedia.

2 de febreiro a 2 de marzo. Módulo para o fomento da empregabilidade para os Graos en Química e Enxeñaría Química (tamén se admitiu a alumnado de Máster). Organizado pola Área de Orientación Laboral e Emprego da Usc.

26 de marzo. Celebración do curso do Plan de Formación e innovación docente: Xestión e uso didáctico das cámaras, altofalantes e tabletas dixitalizadoras nas aulas.

8 de abril. Campaña de doazón de sangue na ETSE.

15 de abril. Día da Escola

**Apertura do acto**

Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade,

D. Gumersindo Feijoo Costa

**Memoria de Actividades da Escola no curso 2019-20**

Secretario da ETSE, D. Óscar Rodríguez Figueiras

**Entrega de Premios**

Extraordinarios Fin de Carreira (USC)

Mellores Expedientes da ETSE

Mellores TFG e TFM

Calidade Lingüística de TFG e TFM

**Inteligencia artificial y computación en el borde: smart data versus big data**

D.ª Paula López Martínez, Profesora Titular do Departamento de Electrónica e Computación e Directora Adxunta do CITIUS

**Entrega de Premios**

Leonardo á Docencia

Leonardo á Investigación

ALTIA ao mellor TFG do Grao en Enxeñaría Informática

ViAQUA aos mellores TFM no Máster en Enxeñaría Ambiental

DXC ó mellor TFM no Máster en Big Data

15 de abril. Fallo do Tribunal encargado de decidir os premios do 1º Concurso "Informatízate", composto por Eva Cernadas García, Presidenta, profesora da USC de Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial Pedro Saco López, profesor da USC de Linguaxes e Sistemas Informáticos Pablo Quesada Barriuso, profesor da USC de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores Lorena Casal Otero, profesora da USC de Didáctica Tecnolóxica Jorge García Marín, profesor da USC de Igualdade de Xénero María Isabel Vaquero Quintela, USC, Servizo de Normalización Lingüística:

Concesión do premio ó IES Marta Guisela que presentou o video co título "A compiladora de código". Ademais, o tribunal decidiu conceder mencións especiais polas súas características de calidade na edición do vídeo e contido didáctico ás seguintes equipas:

- Video "Informática ten nome de muller"
- Video "Imposible sen elas" - Clave TIC2021 (IES Terra de Trasancos, Alumnado de 1º Bach)
- Video "supercomputadores" (Secundaria, Bac e FP, Salvador Madariaga)
- Video "As mulleres no mundo das TIC" (Secundaria, Bac e FP, Salvador Madariaga)

20 de abril. Presentación a través da plataforma TEAMS do Programa ALEVIN - programa de desenvolvemento de talento mozo en Grupo Nueva Pescanova. Dirixida aos estudantes do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

27 de abril. Charla *La economía circular en el ciclo del agua: desde la investigación básica a la realidad*, impartida por José Ramón Vázquez Padín, Responsable da Área de Calidade do Departamento de I+D da empresa Aqualia.

29 de abril. Auditoría interna do Sistema de Xestión de Seguridade e Saúde Laboral (agora baixo a norma ISSO 45001 para facer a transición dende a nosa OHSAS 18001).

### ***Aula Profesional***

20, 26 e 28 de xaneiro. Análise do deseño e explotación de plantas de tratamento de augas: A visión dende a empresa e a administración. Organizado polo profesor Francisco Omil Prieto.

26 de xaneiro. Xornada de Investigación en Enxeñaría Química. Organizada por Héctor Rodríguez Martínez, Departamento de Enxeñaría Química.

18 de febreiro. Conversas cunha estraña. Impartido por Pilar Casals, Educadora social e socia-fundadora de INTHEMOVE, consultora especializada en sostenibilidade e responsabilidade corporativa.

18 de febreiro. Conferencia “A seguridade industrial na era COVID”. Ponente Arturo Trujillo, Director Global DEKRA. Organizada por ISA-USC.

25 de febreiro. Patentes e innovación. Impartido por Juan M. Garrido Fernández, Prof. do Departamento de Enxeñaría Química.

4 de marzo. Xornada de Investigación: CITIUS. Organizada por Senén Barro e Paula López, Departamento de Electrónica e Computación.

8 a 11 de marzo. Taller práctico de Optimización de procesos e produtos mediante deseño de experimentos. Impartido por Antonia María Carro Díaz, Profa do Departamento de Química Análitica.

12 de marzo: Metodoloxía HAZOP para enxeñeiros de proceso. Organizado por ISA-USC. Coordina y supervisa: Estrella Blanco, Enxeñeira Técnica Industrial, especialidade química, pola Universidad de Zaragoza. Profesor: Juan A. Vílchez Sánchez, Dr. Enxeñeiro Industrial pola Universidad Politécnica de Cataluña (UPC).

7 de abril. Iniciación á edición en GALIPEDIA. Impartido por María Rocío Moreiras Plaza, socia da Asociación de Amigas e Amigos da Galipedia e do Coñecemento Libre en Santiago de Compostela.

8 de abril a 10 de maio. Curso experto en competencias en información en Enxeñaría. Organizado por Gracia Frutos Martínez, Directora da Biblioteca da ETSE.

23 de abril. Charla e diálogo aberto: “Computer science is eating the world”. Impartido por: Miguel Romero Remírez (SDG group), Jesús Vicente García Hernández (SDG group), Fernando Blanco Dosil (SDG group, egresado GREI ETSE USC), Antonio Torrado González (SDG group, egresado Físicas USC).

28 de abril. Curso: Controladores industriales PID. Organizado por ISA-USC e impartido por Rafael González Martín, Jefe Departamento Optimización y Control en la Refinería de Somorrostro de PETRONOR (REPSOL).

22 e 29 de abril. Curso de redacción de textos científicos. Memorias de prácticas e traballos técnicos. Impartido por Gemma Eibes González, Dpto. Enxeñaría Química.

***Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster***

ECCOCAR SHARING S.L.	Todas titulacións USC
NEVIAN SISTEMAS S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
EI PROGRESO	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
GAMELSA S.A.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
COCODIN TECHNOLOGY S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
SDG CONSULTING ESPAÑA SAU	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
TRIVIUM PACKAGING IBERICA	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Química
POSSIBLE INCORPORATED S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
ADINSE (ALONSO DOLDAN INGENIERIA Y SERVICIOS)	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
AMSPEC IBERIA	Grao en Enxeñaría Química
NEUROLOGYCA SCIENCE & MARKETING S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
IMATIA INNOVATION S.L.	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
FUNDACIÓN PICTOAPLICACIONES	Titulacións de grao e máster de Enxeñaría Informática
AGUAS DE SALINAS	Máster en Enxeñaría Ambiental

### ***Visitas a empresas***

5 de marzo. Visita dos alumnos da materia Enxeñaría de Computadores do Grao en Enxeñaría Informática a empresa Altia en Vigo, co profesor Juan Carlos Pichel Campos.

30 de abril. Visita á EDAR de Negreira para os alumnos das materias Ecoprocesos para o tratamento de augas e Tecnoloxías innovadoras de tratamento de efluentes do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos co profesor Juan Manuel Garrido Fernández e Anuska Mosquera Corral.

### ***Actividades de difusión no ámbito do ensino secundario***

12 de marzo. Presentación do Grao en Enxeñaría Informática nas Xornadas de Orientación do Colexio La Salle (Santiago de Compostela). (Participou o coordinador do GrEI, Juan Carlos Pichel Campos).

23, 24 e 25 de marzo. Encontros Virtuais co Estudantado de Ensino Medio para as titulacións de Enxeñaría Informática e Enxeñaría Química. (Participaron os coordinadores/as dos graos Anuska Mosquera e Juan Carlo Pichel, coa colaboración de algúns alumnos/as).